

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Biblioteca

Modificación das bases da 1ª edición do concurso #HoxeEscriboEn_Mocidade da Deputación da Coruña

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña n.º 53 do 19 de marzo de 2025, publicáronse as Bases da 1ª edición do concurso #HoxeEscriboEn_Mocidade organizado pola Biblioteca Provincial e a Sección de Turismo da Deputación da Coruña.

Por Resolución de Presidencia número 14181/2025 de 25 de marzo de 2025 aprobouse a ampliación do prazo de presentación dos traballos, polo tanto:

Onde di:

"5. Quinta. - Prazo de presentación

- O prazo de presentación dos microrrelatos será dun mes dende o día seguinte da publicación das bases no BOP.
- Non se considerarán microrrelatos presentados fóra de prazo."

Debe dicir:

"5. Quinta. - Prazo de presentación

- O prazo de presentación dos microrrelatos será desde o día seguinte á publicación das Bases no BOP, ata o 28 de abril de 2025.
- Non se considerarán microrrelatos presentados fóra de prazo."

A Coruña, 28 de marzo de 2025

Valentín González Formoso

Presidente da Deputación da Coruña

2025/2007